

Karl T. W. Weierstrass (Ostenfelde, 1815-Berlín, 1897)



Matemático alemán que pasou á historia –debido ás grandes contribucións que realizou ao desenvolvemento da teoría de funcións– como «o pai da Análise moderna».

Weierstrass deu as definicións de continuidade, límite e derivada, dunha función nun punto, que seguen vixentes hoxe en día. Isto permitiulle demostrar un conxunto de resultados que no seu tempo carecían de demostración, como o teorema do valor medio, o teorema de Bolzano-Weierstrass e o teorema de Heine-Borel.

Ademais das súas prolíficas investigacións, cabe sinalar que foi profesor na Universidade de Berlín, onde tivo entre os seus discípulos a G. Cantor, F. G. Fröbenius, W. Killing, L. Königsberger, C. Runge e Sofía Kovalévsky.